PATRÓNS FÓNICOS DOS NOMES DE PERSOA

Xosé L. Regueira
ILG-USC

1. Introdución

Os nomes de persoa, como é coñecido, reflicten os cambios culturais e as correntes dominantes dentro dunha comunidade en cada época histórica. Este feito é manifesto nas culturas da Europa occidental nas últimas décadas. Na sociedade galega os nomes máis frecuentes mantiveron unha importante estabilidade desde a época moderna ata non hai moito (cfr. Boullón Agrelo & Tato Plaza 1998/1999). Non obstante, nos últimos anos producíronse cambios moi importantes, e os nomes «tradicionais» (*Xoán, Manuel, Santiago*...; *María*, *Carme, Ana*...) perderon os postos de privilexio mentres que son cada vez máis correntes outros de recente importación, procedentes da cultura anglosaxoa, doutras culturas europeas e doutras linguas do estado español (*Iván, Cristian, Johnatan, Aitor, Jordi; Jennifer, Miriam, Sheila, Vanessa, Arantxa*...).

Calquera falante pode percibir que algúns destes nomes teñen unha estrutura fónica allea ó que é común na nosa lingua, o que nalgúns casos se fai evidente xa na forma gráfica. Por un lado, algúns teñen sons inexistentes nas linguas faladas comunmente en Galicia, aínda que normalmente son adaptados por medio da substitución por algún son familiar, e así a africada [dʒ] que nomes coma *Johnatan* ou *Jennifer* presentan no inglés son adaptados coa oclusiva [ʎ] (que os falantes de español e de galego teñen normalmente como resultado da deslateralización de [ʝ]), como se fai evidente en grafías coma *Yenifer*, *Jessica* ~ *Yessica*, etc. Outros teñen unha fricativa postalveolar [ʃ] (*Sheila, Uxío*), presente en galego, pero non en español, o que leva ós falantes desta lingua a substituír este son por [s] (de aí variantes coma *Seila*), aínda que os falantes máis instruídos ou máis familiarizados co galego tratan de mante-lo [ʃ] (de maneira explícita na variante *Xeila*).

Por outra banda, a estrutura silábica e acentual dalgúns destes nomes responde a fonoloxías alleas ó galego, como se ve nas sílabas finais de *Erik* ou *Judit,* ou nas síla-

charo_alvarez 12/9/06 12:41 Página 220

bas postónicas trabadas en nomes esdrúxulos, inexistentes no léxico común, coma en *Jonathan* ou *Kimberly*.

O propósito desta comunicación é analiza-los patróns fónicos dos nomes postos a nenos galegos entre 1990 e 1998, cos datos do Padróns municipais de habitantes de 1998[1]. Os resultados serán contrastados cos dos adxectivos e substantivos que se encontran entre a lista das 1000 palabras galegas máis frecuentes, segundo o cómputo de Bugarín López (1999) nun corpus de lingua escrita e falada, que inclúe tanto galego culto formal coma galego popular, o que deixa unha lista de 415 formas (mantéñense os masculinos e os plurais separados, dado que tamén hai nomes que presentan configuracións semellantes, coma *Xulio* e *Xulia*, *Dolores,* etc.). Nalgúns casos empregarei tamén datos da lingua popular, segundo o cómputo presentado en Regueira (1989: 124-135).

A descrición basearase no cómputo das vogais que aparecen nas diferentes posicións do nome, da estrutura da sílaba e do acento, en comparación cos mesmos datos para o léxico común, para comprobar se existen desviacións estatisticamente significativas entre ambos *corpora*.

A lista de nomes facilitada polo Padrón presenta a miúdo variantes gráficas: *Jessica* (570 casos) *Yessica* (122), *Yesica* (103), *Jesica* (90), *Jessika* (3), *Yesika* (3); *Jonathan* (404), *Jonatan* (270), *Yonatan* (34), *Yonathan* (14), *Jonhatan* (4); *Kevin* (275) e *Kewin* (3), etc. Dado que neste traballo non se tratan os aspectos gráficos, as variantes que non representan pronuncias diferentes foron agrupadas baixo a forma máis frecuente (que non é necesariamente a máis fiel ó nome orixinal).

Noutros casos foi necesario tomar decisións sobre a pronuncia dos nomes. Dei por suposto que formas coma *Brian* (53), *Bryan* (13), *Brayan* (12) e *Braian* (12), ou *Michael* (63), *Maikel* (31), *Maykel* (6) e *Maiquel* (3) eran variantes ortográficas dun mesmo nome fónico. En certos casos non resulta doado saber qué pronuncia se agocha detrás da forma gráfica. Unha forma coma *Mikel* (42) ou *Mickel* (3) pode responder a unha pronuncia [miœkɛl], pero tamén podería tratarse doutra variante para *Michael*. En certos casos, en cambio, cónstame que existen dous nomes distintos debaixo da mesma forma gráfica (nótese que na lista do Padrón non aparecen acentos), coma en *DENIS* (122), correspondente a *Denís* e a *Denis*, sen que sexa posible xebra-las ocorrencias dun e doutro. En calquera caso, os posibles erros de apreciación terán escasa repercusión nos cómputos que se efectuaren.

Por outra parte, é preciso sinalar que a maioría dos nomes proceden da lingua española e son pronunciados de acordo con esta, aínda que tamén hai nomes galegos e versións galegas dos nomes españois ou foráneos: *Juan* (662, sen conta-los compostos) fronte a *Xoán* (46); *Uxío* (37), *Iago* (884), etc.; *Uxía* (446), *Xiana* (90), *Xeila* (62), fronte a *Sheila* (362) e *Seila* (40), etc. Non fai falta repetir que hoxe á maioría dos nenos galegos se lles fala en español. Por tanto, non deixa de haber unha certa desviación entre o corpus de nomes de persoa (españois e galegos) e o de nomes comúns (só galegos). Esta pexa non é tan importante como puidera parecer a primeira vista, posto que a estrutura silábica do galego e a do español son fundamentalmente coincidentes, e que en boa parte os patróns fónicos son comúns (agás na

charo_alvarez 12/9/06 12:41 Página 221

presenza de certos sons, como é sabido: [x] no español, [ʃ] no galego e pouco máis que afecte ós cómputos que aquí levamos a cabo). Non obstante, non é posible saber p.e. cántas das 89 *Olaya* rexistradas se pronuncian con oclusiva [ɔ'laʎa], como se faría en español, e cántas con semivogal [ɔ'laja], á galega, igual cás 28 que escriben *Olaia*. Nestes casos en que a grafía podería representar unha diferenza de pronuncia, fixemos unha estimación conservadora e mantivemos separadas *Olaya* por unha parte e *Olaia* pola outra, de maneira que seguramente hai máis nomes que se pronuncian á galega dos que nós estimamos, guiados pola grafía.

Para a súa consideración no cómputo, cada un dos nomes que entran nos compostos do tipo *José Manuel* ou *María Teresa* foron considerados de maneira independente. Así os *José, Francisco, Manuel*, etc., dos nomes masculinos foron sumados ós correspondentes nomes simples, como o foron as *María*, *Isabel*, etc., entre os femininos.

Por último, como existe unha importante diferenza de frecuencia entre uns nomes e outros (p.e. hai 3878 *Adrián* fronte a 3 *Danny*, p.e. –non aparecen os nomes con frecuencia inferior a 3–), separarei os nomes de muller e de home en tres grupos: os nomes con frecuencia superior a 100 (sumados os que forman parte de compostos e as variantes ortográficas, e fan un total de 110 nomes de muller e 96 de home), os de frecuencia comprendida entre 10 e 99 (211 de muller e 161 de home) e os que teñen un número de ocorrencias entre 3 e 9 (242 femininos e 183 masculinos). Esta división foi unha cautela metodolóxica, para evitar que unha serie de nomes pouco frecuentes tivese unha grande influencia no cómputo total. Por tanto, fixéronse cómputos separados para cada grupo e comparáronse entre si, para comprobar se existían diverxencias importantes entre os nomes máis frecuentes e os menos presentes na sociedade. Cando non sexa relevante, non se terá en conta esta división e os nomes serán considerados todos en conxunto.

2. Número de sílabas e tipos acentuais

Canto ó número de sílabas, tanto o léxico máis frecuente coma a lingua popular prefiren os nomes bisílabos, seguidos a distancia dos trisílabos. No gráfico 1 vese que, en contraste, os antropónimos trisílabos son lixeiramente máis numerosos cós bisílabos:

charo_alvarez 12/9/06 12:41 Página 222



Gráfico 1
Frecuencia comparada en porcentaxe do número de sílabas en nomes comúns (no léxico frecuente e na lingua popular) e en antropónimos

Esta diverxencia, non obstante, débese exclusivamente ó comportamento dos antropónimos femininos. No gráfico 2 vese que a liña correspondente ós nomes masculinos segue a mesma tendencia dos nomes comúns, mentres que os nomes de muller se desvían netamente, e así mentres que o 50 % dos nomes de home teñen dúas sílabas, fronte ó 35 % que son trisílabos, nos nomes de muller estes valores están invertidos, sendo o 50 % trisílabos, fronte ó 36 % bisílabos:



Gráfico 2
Número de sílabas nos nomes de home e de muller, comparados cos nomes comúns máis frecuentes.

charo_alvarez 12/9/06 12:41 Página 223

Esta tendencia obsérvase en tódolos grupos de frecuencia entre os nomes de muller, mentres que nos nomes de home a tendencia ós nomes bisílabos é máis acusada entre os nomes máis frecuentes, en que se chega a un 63,5 % de bisílabos.

Nótese que as diverxencias entre nomes de home e de muller só afectan á inversión de frecuencia entre os de 2 e 3 sílabas, mentres que en tódolos demais puntos os valores de ambos grupos coinciden notablemente.

No referente á posición do acento, é sabido que a configuración xeral das palabras do galego é de acentuación grave cando rematan en vogal e aguda cando acaban en semivogal ou consoante (non considerando neste grupo os plurais). Os demais casos (palabras agudas rematadas en vogal, esdrúxulas, etc.) son moi minoritarios. Os nomes de persoa e os nomes comúns seguen a mesma tendencia (Gráfico 3):



Gráfico 3
Porcentaxes de palabras agudas, graves e esdrúxulas en nomes comúns e antropónimos

No grupo das palabras comúns son algo máis frecuentes as agudas de xénero masculino cás de xénero feminino (pénsese en parellas do tipo *rapaz/rapaza, autor/autora*). Esta tendencia acentúase nos nomes propios, observándose unha diferenza relativamente importante entre nomes de home e de muller:



Gráfico 4
Comparación entre os tipos acentuais dos antropónimos masculinos e femininos.

charo_alvarez 12/9/06 12:41 Página 224

Tomando en conta que os antropónimos bisílabos e trisílabos son, con moito, os máis frecuentes, pode resultar de interese observar con máis detalle se seguen o comportamento dos nomes comúns correspondentes. No gráfico 5 poden verse os resultados para as formas bisílabas dos nomes comúns e mais dos antropónimos masculinos e femininos:



Gráfico 5
Porcentaxes de formas bisílabas graves e agudas nos antropónimos de cada grupo de sexo comparados cos do léxico común.

Neste grupo compróbase que os antropónimos masculinos se desvían dunha maneira importante, mentres que os femininos presentan un comportamento semellante ós nomes comúns. É dicir, mentres que máis dun 40 % dos nomes bisílabos de home son agudos (do tipo *José, David, Daniel*), nos de muller non chegan ó 20 % (coma *Raquel, Belén, Inés*).

Pola contra, entre os trisílabos non se aprecian desviacións importantes entre os diferentes grupos. No gráfico 6 vese que os nomes de home coinciden case exactamente cos nomes comúns na posición do acento, mentres que os femininos cadran coas porcentaxes encontradas na fala popular (lembremos que se refiren neste caso a todo o léxico, non só a substantivos e adxectivos), sempre en valores moi próximos:

charo_alvarez 12/9/06 12:41 Página 225



Gráfico 6
Posición do acento nas palabras trisílabas nos diferentes grupos comparados (antropónimos por grupos de sexo, fala popular da Terra Cha e nomes comúns).

3. Estrutura da sílaba

A estrutura da sílaba no galego tradicional, de maneira moi resumida (cfr. Regueira 2002: 236-242), pode describirse dicindo que:

a) ten como núcleo unha vogal;
b) pode ter un inicio formado por unha consoante calquera (cando menos en posición medial de palabra) ou por dúas consoantes, sempre que sexa unha secuencia de consoante oclusiva ou /f/ + líquida.
c) en posición de coda silábica só pode aparecer unha consoante, e ten que tratarse dunha líquida, dunha nasal ou dunha fricativa /s/ ou /θ/. No galego occidental poden aparecer dúas consoantes en final de palabra, mais só na secuencia /ns/.

Discútese o lugar que ocupan as semivogais nesta estrutura, mais cando están en posición de coda silábica presentan o mesmo comportamento cás consoantes, e teñen os mesmos efectos sobre o acento e sobre a súa compatibilidade con outros elementos en coda, que son os aspectos que aquí nos interesan (p.e., as secuencias de semivogal + consoante non se permiten en galego popular, agás en final de palabra semivogal + [s]). Polo tanto tratarémolas agrupadas coas consoantes.

Nos cultismos estas regras amplíanse e permítense grupos iniciais formados por oclusiva e por calquera outra consoante (*ps-*, *pn-*, *pt-*, cando menos na escrita e en rexistros técnicos: *psicólogo*, *pneuma*, *pterodáctilo*). Na coda pode aparecer calquera consoante (*afgano*, *opción*) e tras desa consoante pode aparece-la fricativa [s] (*obstáculo*, *extra*).

charro_alvarez 12/9/06 12:41 Página 226

En resumo, o galego, coma a xeneralidade das linguas, presenta restricións máis ou menos importantes, segundo os niveis e rexistros, á aparición de consoantes en coda silábica, así coma á formación de grupo consonánticos homosilábicos. Coma a xeneralidade das linguas, tamén, tende a ter sílabas con consoante inicial (restrinxe as sílabas con inicio baleiro), polo que a estrutura silábica máis frecuente que é de esperar é CV, seguida de sílabas do tipo CVC, V e outras.



Gráfico 7
Tipos silábicos máis frecuentes nos nomes comúns, na fala popular e nos antropónimos.

Como se ve no gráfico 7, estas previsións cúmprense en tódolos córpora estudados, incluídos os antropónimos, con valores semellantes ós do léxico común.

Se consideramos soamente o que ocorre na coda silábica, podemos cuantifica-lo número de sílabas que teñen a coda baleira, ocupada por unha consoante ou ocupada por dous segmentos:



Gráfico 8
Coda silábica nos nomes comúns, na lingua popular e nos antropónimos por grupos de sexo.

charo_alvarez 12/9/06 12:41 Página 227

Unha vez máis constátase un comportamento diverxente entre nomes de home e de muller, destacando este último grupo por ter proporcionalmente un número bastante menor de sílabas con coda ocupada. Este resultado repítese case exactamente nos tres grupos de frecuencia.

Algúns aspectos da estrutura da sílaba poden estudarse máis en detalle. En galego a estrutura da sílaba non é simétrica respecto do acento, é dicir, non é a mesma antes ca despois do acento. Así, en galego popular os nomes tralo acento só poden ter sílabas con coda baleira (quitados os plurais): *cá.sa, cá.di.ga*. Isto quere dicir que as sílabas do tipo CVC, VC, etc., só poden aparecer na sílaba tónica e nas pretónicas, nunca nas postónicas. Algúns cultismos contraveñen esta regra, coma *fá.cil, dól.men, ca.rác.ter*, *tó.rax.* Estas palabras son sempre graves, e non esdrúxulas, coa excepción dalgúns helenismos (*ó.mi.cron*) e anglicismos (*pár.kin.son*).

Tanto no léxico común coma nos antropónimos as sílabas postónicas internas encontradas teñen coda baleira, agás nun único caso: *Kim.ber.ly*. Centrándonos, por tanto, no cómputo das sílabas pretónicas, tónicas e postónicas finais, e nos dous tipos máis frecuentes (e case exclusivos) de coda (baleira e ocupada por unha consoante), podemos observar que nos nomes de persoa masculinos a proporción de sílabas con coda ocupada é maior en tódalas posicións ca nos femininos, e que esa tendencia está presente tamén nos nomes comúns, aínda que de maneira máis atenuada:



Gráfico 9
Porcentaxe de sílabas con coda ocupada por unha consoante segundo a súa posición na palabra nos nomes comúns e nos antropónimos masculinos e femininos.

En consecuencia, as rimas VC son moito menos frecuentes nos nomes de muller e máis correntes nos nomes de home; neste grupo as sílabas tónicas teñen maior porcentaxe de rimas VC (superan o 50 %) ca de rimas V.

As diverxencias entre nomes masculinos e femininos móstranse tamén se se consideran os grupos de frecuencia dentro de cada grupo de sexo (*m1* indica os antro-

charo_alvarez 12/9/06 12:41 Página 228

pónimos masculinos máis frecuentes, *m2* os do segundo grupo de frecuencia e así sucesivamente):



Gráfico 10
Sílabas con rima VC segundo a súa posición na palabra nos diferentes grupos de frecuencia dos nomes masculinos e femininos

No gráfico 10 pode verse que os nomes femininos dos tres grupos de frecuencia presentan os mesmos valores, mentres que os nomes de home diverxen neste aspecto: os nomes do grupo 1 (os máis frecuentes) teñen case un 70 % de sílabas tónicas con coda consonántica (do tipo das de *Ma.nuel, Ale.jan.dro*), os do grupo 2 un 56 % (*Xo.el, Chris.topher*), e no terceiro grupo, o de menor frecuencia, baixa ata o 43 % (*A.mir, Ar.man.do*). Nos nomes de muller mantense en tódolos grupos entre o 32 % e o 33 % (coma en *Al.ba, San.dra*), e prefírense claramente os nomes con sílabas con rima V (*Ma.rí.a, Lo.re.na, I.ria*, etc.).

Nos gráficos 9 e 10 tamén se aprecia que as sílabas postónicas finais presentan nos nomes masculinos maior porcentaxe de sílabas con rima VC cós femininos. Lembremos que, como se dixo máis arriba, este comportamento é alleo á fonoloxía patrimonial galega (deixando á parte os plurais). Encóntranse 74 nomes de home graves e con sílaba final trabada, mentres que só hai 23 de muller, todos bastante repartidos polos diferentes grupos de frecuencia. Entre os nomes comúns encontráronse 62 casos, que se reparten entre 60 plurais (*persoas, terras, mulleres...*), que equivalen ó 96,8 % dos casos, e mailas voces *difícil* e *carácter*. En cambio, nos nomes de persoa a situación é máis variada:

charo_alvarez 12/9/06 12:41 Página 229



Gráfico 11
Tipos de segmentos que ocupan a coda das rimas VC nas sílabas finais dos nomes de persoa graves (en porcentaxe)

Mentres que os nomes de muller na coda das sílabas postónicas finais presentan na súa maioría (56,5 %) un segmento [s] (semellante ó dos plurais), coma en *Iris, Dolores, Mercedes*, seguidos en frecuencia das consoantes nasais (*Carmen, Miriam, Karen*), nos nomes de home as consoantes máis frecuentes nesa posición son as líquidas (*Ángel, Víctor, César*), seguidas das nasais (*Cristian, Esteban, Brian*) e de [sɥ] (*Carlos, Marcos, Lucas*). Neste punto os nomes de muller aseméllanse máis ós nomes comúns, e os masculinos son outra vez os que diverxen.

Os nomes esdrúxulos que rematan en sílaba trabada son escasos, só tres de home (*Johnatan, Christopher, Oliver*) e oito de muller: *Jennifer, Ángeles, Elisabet, Estíbaliz, Catherine, Evelyn, Alison* e *Yoselin*.

4. Vogais

Se se compara a frecuencia de aparición das sete vogais tónicas nos nomes comúns, na fala popular e nos nomes de persoa, encóntranse discrepancias entre este último grupo e os outros dous:

charo_alvarez 12/9/06 12:41 Página 230



Gráfico 12
Frecuencia das sete vogais en posición tónica en nomes comúns, lingua popular e antropónimos

No gráfico 12 vese que os nomes de persoa presentan unha porcentaxe notablemente maior de [a] tónica (e tamén de [ɛ]), e neles en cambio é moi pouco frecuente (4,5 %) a vogal [o], que nos nomes comúns ten unha frecuencia dun 17%, a segunda máis elevada. A aparición de [o] é especialmente frecuente (21,8 %) nos nomes comúns femininos, grazas sobre todo ós substantivos rematados en *–ón*, pero tamén entre os masculinos ten unha frecuencia dun 12,8 %, moito por riba do que encontramos nos nomes de persoa.

Nas porcentaxes de vogais tónicas non hai diferenzas significativas entre nomes de muller e nomes de home:



Gráfico 13
Frecuencia das sete vogais tónicas en antropónimos femininos e masculinos

charo_alvarez 12/9/06 12:41 Página 231

O gráfico 13 mostra unha lixeira diferenza na vogal tónica [i] a favor dos femininos, pero é moi reducida: 136 (24,6 %) nomes de muller teñen esta vogal tónica, pero tamén 97 (22%) nomes de home (coma *David, Cristian, Luís, Francisco, Martín,* etc.).

A discrepancia entre antropónimos e nomes comúns pode apreciarse con maior nitidez se se reducen as vogais a tres grupos: anteriores, [a], e posteriores arredondadas:



Gráfico 14
Frecuencia dos tres grupos de vogais tónicas en antropónimos femininos e masculinos, comparados cos nomes comúns

No gráfico 14 obsérvase que nos nomes comúns o número de vogais tónicas posteriores arredondadas é lixeiramente superior ó de vogais [a], mentres que nos antropónimos é claramente inferior. A preferencia por vogais anteriores e [a] é clara nos nomes de ambos sexos. As diferenzas entre nomes de home e de muller son reducidas.

Na posición pretónica non hai diferenzas entre as vogais dos nomes de home e de muller, pero si entre antropónimos e nomes comúns:



Gráfico 15
Vogais pretónicas en antropónimos e en nomes comúns

charo_alvarez 12/9/06 12:41 Página 232

A vogal [a] é moito máis frecuente nos nomes de persoa ca no léxico común (gráfico 15), dunha maneira máis acusada aínda ca en posición tónica.

No referente ás vogais finais, os resultados, de maneira esperada, son diferentes para nomes de home e de muller:



Gráfico 16
Frecuencia das vogais finais en nomes comúns e de persoa masculinos e femininos

Como se ve (gráfico 16), arredor do 80 % dos nomes comúns e de persoa femininos rematan en [a], mentres que o 84 % dos nomes comúns e o 67,9 % dos antropónimos masculinos rematan en [o]. Entre os nomes de home a porcentaxe menor de [o] obedece a unha maior presenza de vogais [a] (*Cristian, Óscar, Borja, Jonathan, Esteban, Lucas...*) e [i] (*Kevin, Denis, Erik, Félix, Alexis, Iñaki...*), que nos nomes comúns máis frecuentes son pouco correntes (*problema, sistema, tema...*; *difícil,* como único caso de [i]).

5. Consoantes

A comparación entre os diferentes grupos en canto á frecuencia das distintas consoantes ou grupos de consoantes en cada posición e en cada tipo de sílaba resulta bastante máis complexa, polo que aquí nos cinxiremos a algúns aspectos máis xerais. En primeiro lugar existen sons ou fonemas que non figuran no inventario do galego, como [x], que aparece nalgúns nomes moi frecuentes, aínda que estatisticamente non sexa moi significativo. Tampouco figura no galego tradicional a oclusiva [λ], que supuxemos como pronuncia para as grafías *y* en *Amaya*, p.e., ou para o *j* de *Jonathan*, como é común nos falantes hispanos. Por outra parte, o son [ʃ] de nomes galegos ou ingleses non pertence á fonoloxía do español, nin sequera á de moitos falantes do español de Galicia.

charo_alvarez 12/9/06 12:41 Página 233

Deixando estes aspectos de lado, e atendendo á frecuencia dos diferentes sons en inicio de sílaba, algúns dos datos obtidos resultan de interese:



Gráfico 17
Frecuencia dos diferentes grupos de consoantes en inicio de sílaba

O gráfico 17 mostra que nos nomes comúns as consoantes preferidas en inicio de sílaba son as oclusivas non voceadas (xordas), as consoantes máis fortes na escala de sonoridade, pero os nomes de persoa desvíanse claramente desta preferencia. Os nomes de home teñen como consoantes máis frecuentes as oclusivas voceadas (sonoras), mentres que os femininos prefiren as nasais. Ademais nos antropónimos femininos son comparativamente máis frecuentes as consoantes róticas, laterais e nasais, mentres que nos masculinos son máis frecuentes as fricativas e as oclusivas.

No referente ás consoantes en coda, a situación móstrase no gráfico 18:



Gráfico 18
Frecuencia dos diferentes tipos de consoante en coda silábica

charro_alvarez 12/9/06 12:41 Página 234

Nos nomes de home son máis frecuentes as líquidas (especialmente os sons róticos), nos de muller as líquidas e as nasais, mentres que entre os nomes comúns os sons máis frecuentes son os fricativos, debido sobre todo á aparición da consoante [s] en final de palabra como marca de plural .

6. Conclusións

As discrepancias que se observan entre a configuración fonolóxica dos nomes comúns e a dos nomes de persoa son en xeral pouco importantes, aínda que nalgúns puntos resultan significativas. Por outra banda, a introdución de nomes procedentes de linguas con fonoloxías diferentes da galega ten escasa repercusión estatística nos patróns fónicos dos antropónimos.

Ademais das desviacións detectadas entre antropónimos e nomes comúns, tamén se observaron certos comportamentos diverxentes entre os nomes de home e os de muller. Un deles refírese ó número de sílabas: mentres que nos nomes comúns e nos antropónimos masculinos se prefiren os bisílabos graves, nos antropónimos femininos son máis frecuentes os trisílabos graves. Aínda que, como era de esperar, os antropónimos de acentuación grave son os máis frecuentes, encóntrase unha porcentaxe importante de bisílabos agudos entre os nomes de home.

No referente á estrutura da sílaba, o galego prefire as rimas simples (sen coda) e os inicios simples, por tanto sílabas do tipo CV. Nos antropónimos femininos esta tendencia é aínda máis acusada ca no léxico común. Por contra, os nomes de home prefiren, aínda que só na sílaba tónica, as sílabas (C)VC, especialmente nas formas de frecuencias máis altas. Os antropónimos masculinos tamén teñen máis frecuentemente sílabas finais átonas con rima VC (do tipo *Ángel*), especialmente con consoante líquida final, seguida de nasal (*Cristian*).

Outro aspecto en que nomes comúns e nomes de persoa diverxen é na selección das vogais, xa que os nomes de persoa mostran unha preferencia notablemente máis elevada cós nomes comúns pola vogal [a], e en cambio tenden a evita-las vogais posteriores arredondadas. Esta tendencia encóntrase tanto en sílaba tónica coma en pretónica. Nas sílabas postónicas os nomes de muller prefiren [a], mentres que nos de home a máis frecuente é [o]. Por outro lado, os nomes de persoa presentan menos oclusivas non voceadas có léxico común, aínda que nos nomes de home as oclusivas e as fricativas son máis frecuentes ca nos de muller, que teñen proporcionalmente máis líquidas e nasais cós masculinos.

Hai que ter en conta que se trata sempre de preferencias estatísticas, e non é necesario que exista sequera algún nome que as reúna todas, e que podería servir como prototipo das preferencias fonolóxicas dos nomes dos nacidos en Galicia entre 1990 e 1998. De feito, ningún nome da lista reúne tódalas preferencias. Entre os nomes de muller o que máis se acerca é *Dayana* (4 casos), se non fose pola oclusiva [λ], moi pouco frecuente, ou *Tamara* (1011 ocorrencias), con dúas consoantes que non son das máis frecuentes. Entre os de home, os que máis se achegan son *Sandro* (16 ocorrencias) ou *Brando* (5), este con inicio complexo da sílaba tónica.

charo_alvarez 12/9/06 12:41 Página 235

BIBLIOGRAFÍA

Boullón Agrelo, Ana Isabel & Fernando R. Tato Plaza (1998/1999): «Personal names in Galicia as a sign of cultural identification : historical scope and current situation», *Onoma* 34, 15-44.

Bugarín López, María Xesús (1999): *Vocabulario de frecuencias da lingua galega*. 3 vols. Memoria de Licenciatura. Univ. de Santiago de Compostela.

Regueira Fernández, Xosé Luís (1989): *A fala do Norte da Terra Cha. Estudio descritivo*. Microficha. Santiago de Compostela: Universidade.

Regueira [Fernández], Xosé L. (2002): «A sílaba en galego: lingua, estándar e ideoloxía», in Ramón Lorenzo (ed.): *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*. Santiago de Compostela: Universidade, 235-254.

NOTAS

1. Agradézolle estes datos a Ana Isabel Boullón Agrelo, directora do grupo de investigación «Onomástica» do Instituto da Lingua Galega.